

Cartafol con catro temas e, no medio, unha teima

BRAIS DA BOUZA*

SUMARIO

- I. De viaxe con Alí Bey.
- II. Federico Díaz Palafox, ortógrafo y prosodista p. 335
- III. Camelot terma de si..... p. 339
- IV. Ezequiel Suárez Blanco, maestro y publicista. p. 341
- V. Na Biblioteca Municipal de Betanzos..... p. 345

I

Domingo Badía Leblích, *Viajes de Alí Bey*. Traducción de Juan Barceló Luqué. Madrid, Compañía Literaria, S.L., 1996, 749 páxs.

1)

¿A que foi Domingo Badía Leblích, catalán criado na terra andaluza, a que iría nos tempos de Godoy polo norte de África, desde Marrocos, e por Arabia, Chipre, Siria e máis Turquía? ¿De espía ao servicio de España comisionado por ese gobernante? O caso é, se é que lle prestamos atención, que quen andivo por eses sitios foi Alí Bey el Abbasí, fillo de Othmán Bey el Abbasí, ese, devoto mahometano que decidiu no país de partida facer a preceptiva peregrinación á Meca. Viaxou Alí Bey como un príncipe; é máis, como un *scherriff* (xerife), é dicir, un descendente de Mahoma pola súa filla Fátima, a muller de Alí: recibido, agasallado, escoltado, requerido o seu consello e escoitado este como vido dun dese rango. E non esqueceu, mentres tanto, ir tomando nota de datos xeográficos, artísticos, etnográficos, históricos, astronómicos para compor ese libro, publicado en primeiros en francés, en París, no 1814, con atlas á parte con láminas e mapas (todos estes veñen na edición que dá pé a estas liñas incorporados ao tomo). Axiña foi verquido ao inglés, alemán, italiano...; en 1836, por primeira vez, ao español, en Valencia.

Poida que non haxa que lle facer moito caso nas motivacións que dá para esa viaxe pero estará ben coller desas apuntacións, especialmente das etnográficas, publicadas por este catalán-andaluz (1767-Siria, 1818) quen, por certo, en Córdoba, e denantes de se mergullar nesta viaxe, quixo botar un globo, e fracasou.

O aspecto de Alí Bey de aristócrata mahometano, co seu excelente dominio do árabe, permitiulle ver con calma lugares prohibidos para os non crentes: as mesquitas principais da Meca e de Xerusalén, por exemplo.

*Nome literario de Ignacio Pérez Vázquez, Licenciado en Filosofía e Letras pola Univ. de Santiago de Compostela e Profesor do Instituto de Formación Profesional de Betanzos.

Rematada esta viaxe, tivo a mala sorte de coincidir a súa final e a caída de Godoy; así, despois de diversos avatares, acabou, como outros afrancesados, en París, ao servicio do goberno galo, e por este concepto fixo o seu derradeiro desprazamento ao Oriente Medio; suponse que acabaron con el os ingleses mediante un veneno.

Non esquezamos, por outra parte, que, máis do que pensamos, temos a pegada dos árabes -dos mouros-, e non só na lingua. Un profesor de Historia de España decíanos, nas aulas compostelanas, que deles vén a afición que temos á pólvora e a de, cando nos imos deitar, pechar ben as contras e fiestras da habitación. (Cando en España nos lembramos do Profeta non é precisamente para louvalo: «¡Por las barbas de Mahoma!», por exemplo).

Este libro de Alí Bey pode mercarse hoxe tamén por países, sobre todo Marrocos, editados por Olañeta e, últimamente, o país veciño por Ediciones B, nunha colección de libros de viaxes, anotado por Salvador Barberá, quen, segundo o encargado da edición que sigo, non tiña bo concepto de Domingo Badía Leblích inda que as notas que lle pon sexan do maior interés. Por certo: se o lector se sente atraído polos feitos deste español metido a musulmán, saiba que aínda non foron examinados os arquivos franceses e ingleses para completar a súa semblanza.

O que segue son citas de costumes dos que dá conta e que me chamaron a atención por evocar outras semellantes que tivemos e temos en España.

Poño en galego as pasaxes literais.

2)

Da estancia de Alí Bey en Marrocos reteño:

«Cando un rapaz rematou os estudos, que consisten en saber ler e escribir, que é toda a ciencia do mouro, paséano a cabalo polas rúas coa mesma solemnidade que nas circuncisións, e a familia fai festas acompañada sempre dos berros penetrantes das mulleres.» (Páx. 72).

Avellaneda cóntanos sobre a toma de posesión dos catedráticos en Alcalá:

«...que aquí no hay justas ni jayanes de los que v.m. -dínlllo ao don Quixote na versión deste competidor de Cervantes- ha dicho, sino un paseo que haze la Universidad a un doctor médico que ha llevado la cátedra de Medicina con más de cincuenta votos en exceso, y llevan delante dél, por más fiesta, un carro triunfal con las siete virtudes y una celestial música dentro, y tal, que si no fue la que se llevó el año pasado en el passeio del catedrático que llevó la cátedra de prima de Theología, jamás se ha visto otra igual. Y las trompetas y atabales que v.m. oye, es que van paseando por todas las calles principales, con más de dos mil estudiantes que con ramos en las manos van gritando: ¡Fulano, victor! (...) Y poniéndose él frontero -este don Quixote, cando fan pola Calle Mayor- del carro triunfal que delante del catedrático iba, viendo su gran máquina y que caminava sin que le tirasen mulas, cavallos ni otros animales, se maravilló mucho, y se puso a escuchar despacio la dulce música que dentro sonava.

«Yvan delante de los músicos, en el mismo carro, dos estudiantes con máscaras, con vestidos de adorno de mujeres, representando el uno la Sabiduría, ricamente vestida, con una guirnalda de laurel sobre la cabeza, trayendo en la mano siniestra un libro y en la derecha un alcázar o castillo pequeño, pero muy curioso, hecho de papelones, y unas letras góticas que dezían:

Sapientia aedificavit sibi domun (A Sabedoría fixo a súa casa).

A los pies della estaba la Ignorancia, toda desnuda y llena de artificiosas cadenas hechas de hoja de lata, la qual tenía debaxo de los pies dos o tres libros, con esta letra:

Qui ignorant, ignorabitur (Quen ignora, será ignorado).

Al otro lado de la Sabiduría venía la Prudencia, vestida de un azul claro, con una serpe en la mano, y esta letra:

Prudens sicut serpentes (Prudentes como serpes). (É unha adaptación de *Estote ergo prudentes sicut serpentes*).

Venía con la otra mano como ahogando a una vieja ciega, de quien venía asido otro ciego, y entre los dos esta letra:

Ambo en foveam cadunt (Can ambos no foxo).»

Di tamén que había capelas e xardíns de asilo (Sidi Mohamed el Hadji foi un santo moi respetado en Tánxer; pois ben: «A súa capela e xardín son un seguro asilo para todo criminal que se queira librar das persecucións da xustiza». Páx. 74); ou a forza que tiña a palabra do mestre: «Estes eruditos son eternos disputadores *in verba magistri* (baseados no que di o mestre):

como o seu entendemento é incapaz de comprender a tese mesma que defenden, non teñen outro apoio que a palabra do mestre ou a do libro, que citan a cotío; e partindo deste principio son irreconciliables nas disputas, porque non hai razón dabondo forte contra un feito que é para eles tan canónico como a palabra do preceptor, ou a sentenza do libro». (Páx. 110). (Badía, recórdese, nacera no Século das Luces).

Os gafos, por suposto, á parte: «A pouca distancia do bosque -na zona de Marraquech- hai un arrabal aillado, enteiramente poboado de familias que teñen a desgracia de padeceren unha erupción semellante á lepra, e que pasa de pais a fillos. Estes desgraciados son apartados da sociedade, e ninguén se atreve a se achegar a eles.» (Páx. 179).

E para rematar a estancia en Marrocos, vexamos cal é a carne mellor: «O país -refírese á parte norte deste reino lindante con Arxelia, hoxe- o país produce tamén melóns deliciosos e carne ben superior a todo canto un poida imaxinar, e é increíble que delicada é a do carneiro do deserto. Estes animais son longos e fracos, teñen moi pouca la e viven nun país onde apenas atopan que comer; pero a súa carne é acaso a mellor que hai no mundo.» (Páx. 206).

Bibliografía usada neste apartado:

Alonso Fernández de Avellaneda, *Don Quijote de la Mancha*. Edición, introducción y notas de Martín de Riquer. Madrid, Espasa-Calpe, S.A., Col. Clásicos Castellanos; tres tomos; 1972. (O episodio transcrito está no t. III, páxs. 84-96).



Ali Bey el Abbassi.

3)

«A dúas leguas SE de Trípoli está a vivenda do maior santón ou morabito do país, a quen chaman *o león*. Ten unha poboación ou aldea cercada de murallas, e nela a súa mesquita; goza do don da santidad hereditaria como os santos de Marrocos; a súa aldea é asilo inviolable para os criminais, calquera que sexan os seus delitos; inda que fose o asasinato

cometido na persoa do baxá. *O león* actual pasa de corenta anos.» (Páx. 262). (Non recordo que entre nós os europeos occidentais fose nalgunha época a santidad transmisíble; estamos a tempo de adoptala).

En O Cairo, durante a súa estancia, era época sinalada: «Pasei o Ramadán no Cairo. Sabido é que este tempo de abstinencia redúcese para os ricos a vivir ao revés, é dicir, durmir todo o día e divertirse pola noite». (Páx. 392). Neste tempo visítanse os sepulcros; este costume, dinos Alí Bey, non é canónico, senón un resto do antigo culto de Adonai ou Adonai.

4)

Na Meca, como non, unha das primeiriñas cousas que fai é visitar a Kaaba, construción rectangular, ou case, situada no medio dun extenso patio, e que ten nun recanto a Pedra Negra. Tras a ablución, danse sete voltas ao seu redor, as últimas ás présas, e bícase esa Pedra. As estancias dentro dese rectángulo poden visitarse tres días no ano; a xente encopetada ten a ben, con auga e máis unha vasoiriña, limpar o chan delas; Alí Bey foi incluído neste honor.

Hai que beber, ademais, da auga do veciño pozo Zemzem, auga que se distribúe, xa en doación, xa en venda, á xente; inda que a saúde do noso viaxeiro non era boa naquel momento, veu como esas présas habíaa para iren dunha colina (Saffa) a outra (Merua) como parte tamén das obrigacións dun peregrino.

Dominaban a santa cidade -nominalmente dependente do sultán turco- os wahabbitas, un tipo de fundamentalismo iniciado por un home do XVIII, o Scheich Mohamed ibn Abdulweháb, que tivo o apoio do príncipe Saud. Por certo que, entre outros rexeitamentos, estes fieles non querían nos homes un mechón, senón toda a cabeza rapada. Este mechón trae á memoria unha das poesías que empezan a primeira parte do *Quixote*; dentro do que lle di Belianís de Grecia ao Cabaleiro, lese:

(...) Tuve a mis pies postrada la Fortuna,
y trajo del copete mi cordura
a la calva Ocasión al estricote (...)

(*Copete*: «Pelo que se lleva levantado sobre la frente»; *al estricote*: «andar sin sosiego de aquí para allá»).

Polo tanto non é certo iso de que pinten á Ocasión coa cache pelada. Larra tampouco a vía así: «El fin de las cosas en España, tan incalculables a los ojos de ustedes está ya calculado; y como la ocasión es calva, pienso recoger el único pelo que presenta», escribía a seus pais en setembro de 1835.

Acó como acolá convén empezar con bo pé: «Tendo diminuído algún tanto a multitude, algúns gardas e o meu guía leváronme á casa de Deus. Tiveron moito coidado en me facer poñer o pé dereito na primeira grada da escaleira» (camiño da Kaaba) (páx. 427).

Xa que imos de devocións, recórdese que non hai moito publicouse a suposición de que san Domingos de Guzmán inspirárase nun costume musulmán para adoptar a práctica do rosario. Alí Bey observara: «A maior parte dos musulmáns levan, sexa entretimento, sexa costume, un rosario na man, as doas del vannas pasando entre os dedos, o máis frecuente sen dicir ren e incluso a conversar cos seus amigos; ás veces invocan o nome de Deus, ou pronuncian unha pequena oración en voz baixa a cada doa. Abdulweháb proscibiu os rosarios como signo de superstición» (páx. 513).

Hoxe, de cando en vez, é noticia que na Arabia Saudí (de fe wahabbí, é excusado dicilo) hai unha policía relixiosa, que leva unha vara na man para, por exemplo, «recordarlles» ás mulleres que deben levar medias porque van coa perna núa. Algo parecido pasaba no tempo de Badía: «... os wehabbis establecen en Djedda outra especie de convocadores, que puideran chamarse executores ou exentos, para obrigar aos fieles a iren ao templo. Á hora sinalada van polas rúas a berrar: *Imos á oración, á oración*; empuñan a todos para forzalos a camiñaren á mesquita, e apuran aos artesáns e comerciantes a abandonar as súas tendas, talleres e almacéns, para asistiren á oración pública cinco veces ao día, como manda a lei.» (Páx. 520).

Bibliografía para este último subapartado:

Cervantes, Miguel de, *El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha*. Edición de Martín de Riquer. Barcelona, Planeta, 1980, p.25.

Varela, José Luis, *Larra y España*. Madrid, Espasa-Calpe, 1983. Na p. 127 está o citado.

5)

¡Xerusalén! ¡El-Kod! Aquí viremos todos para o xuízo final, pero... Un escritor actual notou o pequeno que é o val de Xosafat, que é o sitio propio onde nos xuntaremos. Badía dínos que o tal xuízo preocupa no só aos cristiáns porque en El-Aksa, parte compoñente da gran mesquita edificada sobre o solar que ocupou o templo salomónico, en El-Aksa «cren que no frontispicio, composto de catro arcos sobre a escaleira principal que vén do Aksa, é o sitio onde se atopa invisiblemente colocado o Mizan ou a balanza eterna, na que serán pesadas as accións boas e malas dos homes o día do xuízo universal» (páx. 599-600). (No noso Azougue, e ben visible, no tímpano da porta lateral, está san Miguel a pesar as ánimas).

Por debaixo deste Azougue, e do vello casco de Betanzos, está minado, dín; véxase que non sería un caso único: «Aseguran que El-Aksa áchase enteiramente minado, e hai a pouca distancia da porta principal unha escaleira bastante espaciosa que leva os subterráneos». (Páx. 602).

Non van ser menos os seguidores de Mahoma a venerar o que queda do Mestre: «Cumpridos estes primeiros deberes, entra no Sáhara -o templo por antonomasia, xunto co da Meca; inaccesibles para os non crentes-, reza outra oración xunto á pena, dirixe unha invocación ao profeta e santifícase tocando a pegada do seu pé.» (Páx. 603). (Verá Alí Bey este sinal tamén en Turquía; aquí custodian pelos da barba do Profeta e un cacho do seu vestido).

¿E será moi difícil que un se salve? Debe selo: no Olivete, xunto ao profundo torrente Cedrón, «hai a crencia de ser aquel o sitio onde se atopa o Sirat ou ponte invisible, máis cortante que a folla dun sable, e que por riba da que pasarán os fieles crentes coa rapidez do raio para entrar no paraíso; ao tempo que os infieis que se arrisquen a pasala caerán no profundo abismo do inferno, debaixo da ponte Sirat.» (Páx. 600).

Bañouse no Xordán, río ao que teñen os musulmáns particular afecto; polo tanto: «Non deixei de me bañar nel e beber da súa auga ata non poder máis.» (Páx. 637-8). Isto recórdame que as miñas tías-avoas solteiras, Xenerosa e María-Xoana Vázquez Fidalgo, que quedaran na casa, cando levaban aos sobriños, entre eles miña nai, á Santa Cruz de Aranga, dicíanlles que bebesen da auga da fonte santa canta máis poidesen.

Isto que segue, que Badía notou en Xerusalén. ¿seguirá hoxe? Di que haberá uns sete mil mahometanos, uns vinte mil cristianos de ritos diversos: maronitas, gregos cismáticos, gregos reunidos, católicos romanos e latinos; en fin, poucos xudeos. Pois ben: «Toda esta multitude de individuos de diversos cultos trátanse de cismáticos e infieis; crendo cada rito firmemente posuír el só a verdadeira luz do ceo e ter dereito exclusivo ao paraíso, manda caritativamente ao inferno ao resto dos homes que non son da súa opinión.» (Páx. 618). Non serei eu o que diga que nunca coxeei dese pé excludor:

6)

En Damasco anotou: «A venda de comestibles e mercancías faise nas tendas dos dous lados da calle. Chámanse estes mercados bazar ou zok -lembrémonos do citado Azougue- e están moi ben abastecidos.» (Páx. 642).

¿Está ben que as mulleres fumen... en pipa? Badía, que as viu en Estambul, di que as afea; tamén o latín está de sobra: estáse a entender cun albanés, tamén nesta cidade, no latín deste mesturado co italiano: «Inda que nas escolas cristianas non me teñen ensinado a alquimia, nembargantes, aprendín o latín, e en verdade non sei para que, pois non debendo usar xamais este idioma, non o falo mellor que o falaba o doctor albanés, pois o seu era un latín italianizado, o meu un latín mesturado co árabe.» (Páx. 696).

No chan turco fixo unha observación que me leva a recordar o fermoso sepulcro de San Vicente na súa igrexa de Ávila, situado no centro do templo e rodeado dun fermoso peche metálico: nunha capela «o catafalco do santo, posto no medio, vese asimesmo cuberto dunha rica tela e arrodado dunha balastrada de prata.» (Páx. 702). Ao lado, por certo, un pozo con auga milagreira.

En fin, en canto a eses pastores idealizados de que se dá conta nalgún tipo da novela antiga, teñen, segundo Alí Bey, case unha existencia real: «Tamén atopei varios grupos de pastores turcomanos, pero ¿que diferenza entre eles e os pastores árabes! Os homes, mulleres e nenos todos van ben vestidos; os camelos que conducen os seus efectos, e os enreixados das súas barracas por enriba, están cubertos por fermosos tapices turcos. Ao parecer disfrutan de todas as comodidades e praceres da vida pastoril, e entre eles é onde se deberían buscar exclusivamente os modelos de aqueles pastores tan celebrados polos poetas.» (Páx. 679).

7)

Achegar a nosa ollada a outras civilizacións, e máis cando sabemos que en parte vén a nosa dalgunha delas, paréceme un acto de xustiza. É ben doado vivirmos de clichés na vez de escoitar a voz doutras culturas. Dicimos en plan de coña: ¡El mundo es un pañuelo!, e serán, guste ou non.

Temos un español, Juan Goytisolo, que está a traballar no achegamento ao mundo musulmán. Neste ano Alfaguara editou del *De la Ceca a la Meca*, unha colección de ensaios. Por certo, e non son o único en dicilo, cunha forte simpatía polos mahometanos ao tratar do problema palestino. O autor, como é sabido, vive nun país islámico.

Cita Goytisolo a Alí Bey, proba do interés que, ao cabo dos anos, mantén o libro de Badía.

e 8)

Se de algo lle valeu ao lector esta escolma, con lembranzas, do libro do fillo de Othmán el Abbasí, doume por ben pagado.

Está feita no recanto noroeste de Al-Ándalus.

Que Alá, o Clemente, o Misericordioso, e máis o seu Profeta, nos axuden ben.

II

FEDERICO DÍAZ PALAFOX, ORTÓGRAFO Y PROSODISTA


Elementos de Prosodia escritos para los alumnos del Colegio de Enseñanza Elemental, Superior, superior ampliada, de adorno y popular «por D. Federico Díaz Palafox, director del mismo. Ferrol, 1871».

Es un libro de sesenta y siete páginas, sin ilustraciones, en octavo, impreso en «El Eco Ferrolano», Real, 80. Está en forma dialogada. El director estampa, al comienzo, su firma -F. D. Palafox- y rúbrica: el ejemplar, así, no es fraudulento.

Para constatar qué criterio prosódico y ortográfico sostiene el autor, tengo en cuenta la gramática de la Real Academia Española editada en el año anterior, 1870, libro éste que presenta la novedad de que, por vez primera, la editora incluye, como partes III y IV, Prosodia y Ortografía; ésta se presentaba, hasta el momento, en tomo aparte; ésa no queda claro, por lo que dicen los redactores, que sea la primera que publica la regia entidad.

Desde mediados de siglo era preceptivo, en la enseñanza estatal, seguir los criterios académicos pero, salvo mejor parecer, ese Colegio es privado.

En cuanto al léxico, usaré el diccionario oficial de 1869, que es su undécima edición.



a)

Ortografía

Qué es, ante todo, acento gráfico: una rayita, dice nuestro autor, p. 30, cuya dirección es de arriba abajo «inclinándola un poco de derecha á izquierda: como este (´)». No le da nombre. Acto seguido añade que «aun no hace mucho» se usaban tres: grave (´), agudo (¨) y circunflejo (^). La Academia, p. 329, dice que esa trilogía se usaba en la antigüedad y que el prescrito por ella es el que llamaban agudo.

Cuándo, según don Federico, se acentúan las agudas: cuando su letra última sea vocal, p. 33: *rompió, amó, café, tilburí*, etc.; en plural, p. 45: *papà-papàs, baladí-baladíes, café-*

cafés, rondó-rondós (la Academia, p. 16, *rondós*), *chacó-chacós, tisú-tisúes*; pero no cuando acaben en consonante, p. 33: *razon, papel, armazon, cortinon, capaz*, etc. La Academia dice lo mismo, p. 332, pero sí cuando son formas verbales rematadas en *-n* o *-s*: *llegarás, obedecéis, partís, serán, estén*.

En cuanto a graves o llanas, dice nuestro autor, p. 33, que sí se acentuarán si acaban en consonante: *útil, débil, dictámen...*; no si en vocal: *mesa, banco*, etc.; lo mismo dice la Academia, p. 332-3.

Esrújulas y esdrújulísimas o sobre esdrújulas, de acuerdo en que sí siempre, p. 33-36 y, Acad., 332, si bien Díaz Palafox detalla más. Coinciden también en las palabras terminadas en *-mente*, que es el criterio de hoy, íd., íd.

En monosílabos (D. Federico, p. 37-43; Acad., 329-332), los dos a una: *de-dé, el-él, mí-mí, tu-tú, mas-más, se-sé, sí-sí, te-té; que, quien, cual, cuan*, cuando preguntan o exclaman; en fin, *á*-preposición- y *é, ó, ú*, conjunciones. Díaz Palafox añade que *i-sola-* e y no se acentúan.

Diptongos: dice D. Federico que lo son *-p. 18 y 21-*, además de los hoy admitidos, los formados por dos vocales fuertes (*a, e, o*): *aa, ae, ao, ee, ea, eo, oa, oe, oo*. La Academia, p. 296-7, cree que estas combinaciones escasean mucho y que lo común son lo que hoy tenemos por tales; denomina *cuasi diptongos* a *ae, oe*: el uso dirá si son o no; ella, por su parte, «los ha especificado en su *Diccionario de la Rima*, que en breve verá la luz pública.»

Triptongos, admite nuestro autor, además de los hogaño tenidos por tales, *aoe, eoy* (p. 21); éstos la Academia no los consigna, p. 296.

Pues bien: según D. Federico, las llanas acabadas en *-eo, -ea* se acentuarán: *cutáneo, purpúreo, purpúrea*, etc., pero nunca en otro caso, p. 43. En cambio, el diptongo *-ia* llevará acento cuando cargue la pronunciación sobre la *i*: *geometría, geografía, porfía, varía*, etc., excepto si acaba pretérito imperfecto de indicativo y de subjuntivo: *temía, temeria, reñía, amaria*, etc. (La Acad., p. 73, dice que ese tiempo en subjuntivo es *-yo, él- temiera, temería y temiese*). La Española preceptúa: *hectárea y cerúleos, Dánae y héroes; Sofía, García, saúco, temía, temíais y temían, preceptúo y preceptúen, aúlllo y aúlllos, desvarío y desvaríos, turquíes, tisúes* (p. 333-4). Nuestro autor, p. 44, a *ío, íe, úa, úe, úo* llama diptongos.

En cuanto a los apellidos, p. 45-46, deben llevar acento, según nuestro ortógrafo, aunque existe anarquía cuando se escriben. Los esdrújulos, por lo de pronto: *Zárate, Álvarez*, etc.; también los acabados en aguda, dice: *Solís, Sedó, García, Piñeirúa, Garcés, Muñíz, Ortíz*, etc.; pero añade: puede suprimirse el acento en los formados de sustantivos: *Castor, Calderon*, etc., por ser su pronunciación sumamente conocida, o de adjetivos: *Leal*, o de verbos: *Escalar, Amar*, etc.; en cambio: *Suarez, Rodriguez, Martinez, Sagasta*, etc., sin tilde. La Academia, p. 333, también intenta arreglar esto de los apellidos indicando que se adapten a las normas generales: *Cervántes, Díaz, Armildez, Pérez, Aristizábal, Menjíbar, Fúnes*, etc.

Díaz Palafox, p. 46-48, como la Acad., p. 335, distingue *para-pára* (éste, verbo); *sobre-sóbre* (íd.); *entre-étre* (íd.); *este y aquel* se acentúan cuando son pronombres demostrativos, y no, dice don Federico, «cuando anteponen á los sustantivos en cuyo caso, si bien la Academia de la lengua, también los considera como pronombres, deben en realidad considerarse como artículos demostrativos, v. gr. *ESTE libro; AQUEL tintero; ESTA casa; AQUEL gaban*.» (p. 48-49). Más: *luego-luégo* (éste, adverbio; *luego*, conjunción): *come luégo; fue á paseo pero luégo viene; el órden era riguroso, primero las autoridades; luego, el pueblo; aún* (todavía) *-áun* (también o hasta), p. 47 y 49; Acad., 334-5: ésta, en cuanto a *aún-áun*: *aún* es monosílabo, *áun* bisílabo; ante verbo expreso o suplido, sea cual

sea su equivalencia, se hacen diptongo, y son bisílabos después: *áun* (hasta) *sus amigos le abandonan*; *te daré el duro*, y *aún* (también) *dos, porque calles*; *estoy aún* (todavía) *sin desayunarme*; *no ha venido aún* (todavía no ha venido) (p. 331).

Cuando, cuanto, cuanta, cuyo, cuya, como, cuando preguntan o exclaman, tilde, dice (p. 49-50); Acad., 334, añade *donde*; sigue ésta, íd.: *como* se acentúa «cuando fuere nombre o verbo»: *no cómo bien*; *les dijo que arreglaría la cuestión, pero sin declararles cómo ó el cómo*. No acoge la propuesta de nuestro autor: *sàbia-sabia*; *vénia-venía* (sic); *régia-regía* (íd.); *córtes-cortés*; *prèvia-preveía* (sic), etc. (p. 50). Bueno, la Academia sí algo: *cóрте* (por la residencia del Soberano, por comitiva y obsequio), aclara con esto último, p. 23.

En cuanto a *solo-sólo*, que D. Federico cita, p. 47-48, no consta esta distinción en la Ortografía académica, sí que *sólo* es un adverbio procedente de un adjetivo, p. 140 (al tratar del adverbio). (El criterio de nuestro autor, en esto de *solo-sólo*, es el general, hoy).

Finalmente, cómo dividir las palabras al final de renglón: sigue el criterio hoy habitual Díaz Palafox, (p. 26-28) pero *car-ro*, *ar-rebato*. La Academia dice que no se separe la *rr*, pero en *virrey*, *subrrogar*, *carirredondo*: *vi-rey*, *sub-rogar*, *cari-redondo* (p. 348).

b)

Prosodia

Sabido ya lo que el autor entiende por diptongo y triptongo, ahora, en este apartado, sepamos que la sílaba es, según don Federico, la unidad mínima del habla, así como la letra lo es de la escritura (p. 24).

Según su sonido, las letras son vocales y consonantes. Las primeras, o sonidos, pueden contribuir a formar las *semi-vocales*, «aquellas cuyo nombre empieza con una de las cinco vocales»: *f, l, m, n, ñ, r, s*, etc. (p. 12).

Las consonantes, o articulaciones (p. 13-15), según el modo de pronunciarlas son labiales (*b, m, p, v*), labio-dentales (*f*), linguo-dentales (*c* -suave-, *d, s, t, z*), linguo-paladales (*l, ll, n, ñ, r, x, y*), guturales (*g, j, k, q, c* -fuerte-, así como *h* y *x*), nasales (*m, n*); en cuanto a su figura (p. 15-16), tales consonantes pueden ser sencillas o simples (las de un solo signo): *v, p, l...*) y dobles o compuestas (*rr, ll, ch, w*; ésta no la incluye la Academia en el alfabeto, p. 2); ésas, a su vez, en simétricas (*w, rr, ll*) y mixtas (*ch, ps*, etc.).

Pueden las consonantes, asimismo, ser mudas, «cuyos nombres no empiezan por vocal y quedan sin sonido en el momento que se suprime la letra ó letras que forman su terminación»: *b, c, d, g, p, q, t*, etc.; líquidas, «las que carecen de sonido ó bien lo pierden cuando se unen a determinadas consonantes»: *h* y *u* en *que, qui*; en fin, variables: *g* en *general* y *gamuza*, o *c* en *cama* y *ceño* (p. 17).

En cuanto a las sílabas, pueden ser de un solo sonido (las vocales «y algunas veces también y), diptongos, triptongos, directas simples (consonante más vocal: *la*), inversas simples (el caso opuesto: *al*), directas dobles (dos consonantes más vocal: *bra*), inversas dobles (al contrario: *obs*), mixtas (una o más vocales entre consonantes: *por, sin, tan...*; en fin, están las formadas por consonante más diptongo: *cue, cua*, que son directas simples como *que, qui*, «con tanta más razón» ya que sólo suenan *q* y *e* o *i* (p. 20-23).

En cuanto a las palabras, monosílabas, bisílabas, etc. (p. 25-26).

La Academia, p. 3, no detalló tanto: «(...) suelen clasificarse las letras según el órgano que ha parecido más influyente en su pronunciación. De aquí la división de las letras en *guturales, paladales, nasales, linguales, dentales, labiales*, etc.

«Semejante clasificación, en que no todos los gramáticos andan acordes, ha parecido inútil para el objeto del presente tratado.»

Y más adelante, p. 310: «Además de *mayúsculas* y *minúsculas*, las letras se dividen, relativamente á la escritura, en *sencillas* y *dobles*. Las sencillas son las que, en número de veinticinco, se expresan con una figura, signo ó carácter solo, como la *a*, la *n*, y la *z*; son dobles las letras que se representan con dos signos, á saber, la *ch*, la *ll* y la *r* cuando se escribe duplicada, *rr*.»

c) **Léxico**

Ancheat («...estrechando ó *ancheandolas* hasta que...», p. 27) no figura en el diccionario, ni en sus dos ediciones anteriores (1843, 1852). En 1870 se publicó en Pontevedra *Estudio sobre las faltas de lenguaje que se cometen en Galicia* «por don Emilio Alvarez Gimenez»; en su p. 14 se dice: «ANCHEAR. Ensanchar».

Fuistes («Yo sé que tú *fuistes*», p. 40) también debe ser influencia gallega. La Academia estampa *fuiste*, p. 67.

En el diccionario se distingue *porque*, *por qué*, *porqué* (*por que*, en cambio, no), así como *deber* y *deber de*.

Tilburí (p. 33) no lo registra el diccionario. Hoy lo anota como *tílburi*.

En cuanto a *adorno*, que se lee en la portada (...de *adorno* y popular) ignoro qué puede significar en ese contexto.

¿Fallos?


Fuese por no haber visto don Federico las pruebas de imprenta ni haberle importado de antemano los posibles gazapos porque se subsanarían en clase, fuese por otro motivo, es el caso que se notan despistes a lo largo de su obra.

No incluyó, al tratar de los monosílabos que se acentúan, *dá*, *pró*, *tí*, *sí* (éste como nota musical), que se leen en su trabajo. La Academia los deja sin tilde.

Allí, *así*, *aquí* aparecen a veces sin acento; la Academia escoge *intervalo* y no «*inté*ervalo»; *antepenúltimo* y no «*ante* penúltimo»; *exponer* (que es el criterio académico) lo hace convivir Díaz Palafox con «*esponer*», «*espuesto*» con *expuesto*; *estructura* (Academia) con «*estructura*»; «*escepcion*»; «*sugeten*».

Es frecuente, también, leer *teología*, *cosmología*, *psicología*, *metodología* al lado de estas mismas palabras acentuadas; por otra parte, sólo aparece la *u* en la relación de mayúsculas; vemos *si* afirmativo y otras veces *sí*; en fin, a pesar de que los acentos grave y circunflejo los da por ya desusados aunque próxima todavía su utilización (... *aun no hace mucho*..., p. 30), se prodiga el grave; sólo hay un caso de circunflejo.

Debía estar en el tiempo de nuestro autor muy extendida la creencia de que las mayúsculas no llevan acento -idea, por cierto, de actualidad-, porque, por ejemplo, en la p. 54



leemos: APENDICE DEL ANALISIS. Podía ser, en este último vocablo, que todavía se dijese *analisiis* pero no es el caso porque en la p. 3 pone *anáalisis*.

e)

«¿Ha dicho V...?»

Al final del libro detalla don Federico un ejercicio práctico «que será de alguna utilidad para los niños y para todos aquellos, que sin saberlo, desconozcan el modo de efectuarlo» (p. 55). Comprende, primero, la clasificación de las palabras, sílabas y letras y después la acentuación.

Al comienzo dedica a sus alumnos este «humilde fruto de su trabajo»; en él hallarán «no pocas veces» lo que escucharon. Dice que su obra llena el hueco que dejaban los tratados de este tipo existentes, «sobrado difusos unos, incompletos otros», que no colman el vacío «que han notado siempre los que se dedican al sacerdocio del magisterio.»

La docencia, sacerdocio. No está mal esto. Aparte de los sacerdotes propiamente dichos, otros oficios se llaman a ese trato con la divinidad: los poetas, por ejemplo. En cuanto a los que oficiaban -y oficiamos- en el altar de la enseñanza, pública y privada, supongo que estarían tan reconocidos en tiempos de don Amadeo I, tanto por parte del Estado como del pueblo, así como del propio Saboya, *mutatis mutandis* como en las calendas de, más o menos, siglo y cuarto después.

Si el maestro, sacerdote, ¿catecúmeno el alumno? Sea cual sea la etiqueta que hoy le apliquemos al discente, chocaría que lo tratásemos de usted. No sería así en tiempo de nuestro autor: en esos ejercicios prácticos aludidos se proponen unas preguntas para que las haga el maestro; una es esta:

- «Ha dicho V. que la palabra *débilmente* era polisílaba ¿qué son, pues, palabras polisílabas?» (p. 57).

No, los tiempos no están para ese tratamiento; están más bien para lo contrario: que los alumnos te tuteen y que les choque que les pidas el usted.

III

CAMELOT TERMA DE SI

(Lembranza apoloxética)

Ía eu de mociño pola cidade, anda que te anda, ensinado a ver en por min o que ten un sitio, non que mo contasen nin que mo conten, non, inda que fose ou sexa por persoa sabida: non vos hai, efectivamente, como vemos as cousas en por nós. Chámalle a isto manía, o que queiras: un foi afeito a iso. Inda que de pequeno un percibe menos que de maior -menos detalles, menos matices-, tamén é certo que o visto, ouvido e sabido entón quedan dentro de nós ata que Deus nos chame.

Por todo o dito non me é grato que me neguen o que vin.

Pero quero limitarme só á miña nenez.

Estaba a catedral moi perto da súa consagración. Remprazaba a outra feita xa había moitas lúas; quedaba xa curta para unha capital como esta, por isto o padre do meu Señor quixo tirala e facela de novo e pedir, de paso, que o bispo pasase a arcebispo, que menos para a cabeza dun reino. A falta desa cerimonia, estaba xa toda montada. Gustaba eu de

andar pola súa nave maior, que espaciosa é, que alto o seu traballado teito, que columnas o sosteñen. Detíñame en especial diante do altar maior, pensado e feito para nós suspirar polo Máis Alá. Pero, aí, para as estatuas do novo pórtico do seu acceso principal, aquí teño que contar algo escasamente evanxélico e que non pasaría se xa o meu Señor fose El-Rei: para facer as figuras dos santos máis coñecidos -san Pedro, san Xoán, san Xurxo...-, ben valía para unha delas como modelo meu padre, home de bo ver, se é que o humilde pode ter esa cualidade; pois non: habendo varóns na real familia, mandou quen podía que fosen eles os modelos, de modo que aí os temos, un a bendicir coa man en que non ten as chaves; outro a se rir, el saberá de que; o outro -que é o Señor meu- a matar o bicho ese; e así...

Hai clases, ¿verdade?, tamén para estas cousas. ¿E quen era meu padre? Un labrego, un caseiro. Supoño que podería valer para o Demo, ¿non si?

¿E vanme negar tamén estas vivencias, boas e malas?

Andar polas rúas e prazas, dicía, fose ou non día de feira ou de mercado, era para min grato. Esta rúa, por certo, con chan de croios, esa praza con lousas, aquela calexa... con terra e gracias. ¿Pero como estarían os espazos públicos de Roma, de Madrid, de París, do mesmo Londres? Córdoba, se acaso, podería competir coa capital de Logres.

Andar e ver, si, pero non podía ser sempre. ¿E a escola? Meu Señor quixo que eu aprendera a falar e máis a escribir no latín e tamén na lingua do país. O mestre, Merlín, tivo a habilidade de me facer pegadizas as dúas, en especial a primeira, tan útil que me é hoxe para ler nas crónicas do Reino e para alternar cos sabidos. E esa fala da xente, e con ela os costumes, tamén quixo que fosen amados, así como os edificios e, en xeral, as construcións dignas. E todo, ben que nos insistía, velo, sabelo, oílo en por nós. E ao tratar coa xente, dicíanos que o mellor era que nos afixésemos ao tempero de cada cal.

E eses negadores, ¿vanme demostrar que estou, con estes recordos, só de lería?

As edificacións... Aí están as murallas, co seu camiño de ronda, cos seus cubos, coas súas portas, con cadanseu rastrillo... Magníficas, todas de sillería, nadiña de nada de mampostería, porque os devanceiros do Señor quixeron, e ben que acertaron, que a cabeza do Reino tivese todo digno, para admiración dos reis e nobles que viñan e veñen a lles render pleitesía aos titulares da Familia.

Por certo que eu experimentaba un malsano pracer en ver como os carros, por ancho de máis o que levaban, tiñan dificultades para pasar por esas portas, como a xente, gardiáns inclusive, empurraba por detrás ou estimulaba aos animais para que o carro poidese seguir camiño.

Eses accesos, todos, van dar, despois dunha serie de reviravoltas, ao centro do espacio amurallado: no altiño seu está o castelo-pazo real, nunha dependencia do cal tiñamos a escola polo querer, como dixen, do que eu tiña xa polo meu Señor.

¿Terei que facer máis demostracións?

Tamén sentía eu certa curiosidade de máis en ver á xente como sorteaba o paso polas rúas do gando: vacas, touros, cuxos... Máis dun xa ten levado un bo susto, e ás veces cornada, por se meter cos animais. Eu, desde logo, nunca quixen mesturarme nesas cousas porque era, e son, de meu pacífico e ademais para iso están os portais, en especial os das casas nobles, todas elas nas inmediacións do castelo real e da catedral, estes dous a un paso un da outra. Algunha xente, especialmente os que se tiñan por distintos, protestaban contra os pastores pero xa daquela preguntábame: ¿por onde ían pasar, se non, os animais? ¿polo ar? Ah, e tamén botaban contra os cochos, galiñas e cans, que asimesmo querían alternar.

¿Calaron xa eses negadores?

Rexeitar, rexeitar por sistema, sempre senta praza de adiantado aos ollos do común.

Negan que houbese Camelot; non queren ver que está aí, que a sostén o seu existir; negan que Logres sexa un Reino para esa cidade, máis ben que ao contrario, todo hai que dicilo; negan que Uther Pendragon, o padre do meu Señor e no tempo do cal eu fun mociño, vivise; que Artur, meu Señor, fose deste mundo; que Merlín... bueno, ho, para que seguir.

Deixádeos que badúen.

Xa quixeran moitos reis teren os seus reinos tan seguros como o ten hoxe meu Señor, inda que, de momento, non exerza o seu poder efectivo.

Non lles fagades caso.

Eu de min vou dicir que en canto o Señor volva da illa de Avalón, onde se está a repoñer das feridas -no corpo e na ánima- que lle fixo ese bule-bule do seu fillo-sobriño, Mordred, naquela desditada loita na chaira de Carlamn naquel día que hoxe non quero lembrar -a miña mocidade, entón, xa quedara un chisquiño atrás...; ¡vaia!, xa me liei; outro día direivos o que me resta por contar, que é ben dabondo.

En canto eu saiba desa volta a Camelot, dicía, aló irei, e ben que o vou sentir deixar a esta xente de Betanzos, que tan garimosamente me acolleu, pero as fidelidades son as fidelidades.

Desde neno, como vedes, desde neno débolle ao Señor todo canto son, eu, que non pasaría de ser o fillo dun caseiro. Se son escudeiro co oficio ben sabido, a El débollo; co que me ensinou Merlín, son un dos cronistas dos faceres de Artur, e máis: depositario da súa fiúza. Por isto non se me pida que o conte todo, todíño todo; non.

Nunca lle pedín, xa ves, ser cabaleiro, inda que ben sei que mo concedería e El mesmo propúxome un día, e tamén dous; tampouco son, por suposto, da Mesa Redonda, é dicir, un deses cento cincuenta escolleitos para acompañar e aconsellar a El-Rei. Que fose, por certo, esta Mesa idea de Merlín non lle quita á xuntanza ningún valor.

Irei aló, digo, porque xa que vou morrer que sexa ao lado do meu Señor natural; que non se diga que un fuxiu cando máis falta facía.

Como El me falaba:

- Neno, seres o meu escudeiro non che ha ser doado. Hanche ladrar, e máis oubear, por iso; xa verás. Con esta xente conta sempre; acabarán por dicir que Eu, e o meu Reino, non existiron nin existen. Déixaos: Camelot terma de si.

(Esta é a miña teima, a que motiva estas liñas apoloxéticas).

IV

EZEQUIEL SUÁREZ BLANCO, MAESTRO Y PUBLICISTA

Son cuatro las obras que conozco de este autor.

La primera: *OPÚSCULO de las principales reglas prosódicas y ortográficas, con arreglo a la R.A., dedicado a los alumnos de la escuela de San Francisco de la ciudad de Betanzos*. «Por D. Ezequiel Suárez Blanco, Maestro de 1ª enseñanza superior.»

Se trata de un folleto -veinte páginas-, impreso por Suc. de Castañeira, fechado en Betanzos en 1903, año que es 1906 en la cubierta. Modesta tipografía sobre papel asimismo de baja calidad. En octavo. El contenido se presenta en forma dialogada; sin ilustraciones.

Al comienzo: «A mis discípulos. Al dedicaros este opúsculo, no me guía otro norte que el reducirlos a un resumen, lo más corto, sencillo y completo posible, las principales reglas prosódicas y ortográficas, ajustadas a la doctrina de la R.A. a fin de que os sea fácil el aprenderlas y aplicarlas en su día a las necesidades de la vida. Desea conseguir este propósito vuestro maestro, EL AUTOR.» (Obsérvese la persistencia del acento circunflejo, hacía ya tantos años que la Academia lo había desechado).

Divide el autor este trabajo en dos partes: Prosodia y Ortografía, a su vez ésta en otras dos.

Para comparar lo que dice sígo la gramática académica de 1900. La siguiente edición fue en 1901; la subsiguiente, con novedades, en 1904. La de 1901 no pude consultarla; Cotarelo Mori dice que las dos primeras, en cuanto a sus contenidos, son iguales.

Asimismo tuve presente el epítome académico de 1903 y el prontuario ortográfico de ese mismo año. (La Academia, desde mediados del XIX, editaba, a petición del Gobierno, para la enseñanza secundaria, compendios; epítomes para la primaria; y prontuarios ortográficos).

Ni el epítome ni el prontuario incluyen Prosodia.

En ésta incluye don Ezequiel: qué es voz, qué es letra. Y en la voz: extensión, intensidad, timbre, cantidad.



En el uso de las letras, primera parte de la Ortografía, incluye, en el uso de las mayúsculas, «Muy Sor. mio, Certifico, Expone y otras semejantes, empleadas en las cartas, certificaciones, etc.» (p. 6), que no registran los académicos.

En éstas, las mayúsculas, y en las grafías *b-v*, *c-q-k-z*, *i-y*, *g-j*, *h*; *m-n*, *r-rr* y *x*, es donde ve las dificultades para escribir.

Suma en ocasiones al criterio académico -aparte de condensar los preceptos, por razones pedagógicas- iniciativas suyas con el consiguiente cortejo de excepciones: en el uso de la *b*, por ejemplo, «4ª Antes de consonante, y de *u*, como *amable*, *buscar*. Exceptúanse: *párvulo*, *vulgo*, *convulsión*, *vulnerar*, *vuestro*, *vuelo*, *válvula*, *Vulcano* y otros.» (p. 7). A continuación: «5ª En las palabras que principian en *bad*, *bat*, *bor*, *riba* y *bibl*. Exceptúanse: *vadear*, *vade*, *vado*, *Vaticano*, *voraz*, *voto* (promesa) y otros». (Íd.).

Para la *g*: (deben llevarla) «después de consonante, como: *ángel*. Exceptúanse: *objeto*, *adjetivo*, *aljibe*, *interjección*, *injertar*, *tarjeta*, *verjel* y algunos otros.» (P. 10).

¿Cuándo se emplea punto final? «4ª Al fin de todo escrito, aunque conste de una sola palabra, quedando completo el sentido.» (P. 18). (No está esto en la gramática, sí en el prontuario).



Para el uso de la diéresis, «3ª En aquellas palabras que, de no puntuarse con ella, se pudieran pronunciar indebidamente, como *pie*, (*pié*, de *piar*: Academia, gramática, p. 375) para diferenciarse de *pie* y *pié*» (*pie*, Acad., íd.). (P. 19).

La segunda publicación es : *OPÚSCULOS de varias asignaturas de las que abraza Instrucción primaria elemental* «arreglados por D. Ezequiel Suárez Blanco, maestro de instrucción primaria superior, y propietario de la escuela elemental de San Francisco de Betanzos.»

Data de 1906, impreso asimismo por Sucs. de Castañeira, Betanzos. La misma observación en cuanto a tipografía, calidad del papel y formato; dialogado y sin ilustraciones. 63 páginas: hoy sería libro.



Comprende: Religión, con Historia Sagrada; Ortología; Caligrafía; Geografía; Historia; Rudimentos de Derecho; Geometría y Dibujo; Fisiología e Higiene; Física y Química; Historia Natural; en fin, Música.

Dentro del campo humanístico, me fijo en la Ortología: «El arte de leer bien.» Leer es «pronunciar las palabras escritas». Repite, como es lógico, conceptos del opúsculo ortográfico. (P. 11-14).

Visto lo que es leer, veamos lo que es leer bien; sus reglas: «1ª El que lee en voz alta ejerce las mismas funciones que el que repite, y por esta razón debe expresarse con menos calor que si enunciase sus propios sentimientos. 2ª Los tonos expresivos deben caracterizarse en la lectura con alguna menos vehemencia que el lenguaje familiar. 3ª Por regla general el que lee en alta voz debe usar el tono mediano. 4ª El estilo de la lectura debe ser acomodado al género del escrito. 5ª La lectura de los versos exige un cuidado especial, por las pausas y por la modulación que debe ser más expresiva que en la de la prosa.» (P. 15).

En Fisiología e Higiene nos dice que es necesario el aseo personal «pues evita enfermedades repugnantes, mantiene la agilidad de los órganos, despierta hábitos de decencia y orden y contribuye á la estimación social.» En cuanto al sueño: «Que debe dormirse de noche, y no de día, para no perder el beneficioso influjo de la luz, y evitar las peligrosas corrientes de aire cuando se duerme.» Y en cuanto al ejercicio corporal: «Que nos es muy necesario y nos fortalece, siempre que esté en armonía con la robustez de los órganos y no sea prematuro ni excesivo.» (P. 49-50).

En este opúsculo-libro se acompañan recomendaciones para usar o ampliar el contenido por parte del enseñante; no las hay en el anterior, sí en el siguiente.



La tercera obra es: *PROGRAMA de DEFINICIONES y REGLAS DE ARITMÉTICA* «por D. EZEQUIEL SUÁREZ BLANCO, maestro de primera enseñanza superior y, por oposición, de la elemental de San Francisco de Betanzos.»

Data, también, de 1906, asimismo impreso en Betanzos, ahora por Manuel Villuendas. Tiene veintiocho páginas en octavo; dialogado su contenido. Sin ilustraciones. Mejora la impresión.

Contiene una dedicatoria a sus discípulos, ahora más adaptada a la ortografía oficial.

La cuarta: *OPÚSCULO de las PRINCIPALES REGLAS ORTOGRÁFICAS con arreglo a la Real Academia* «por Don Ezequiel Suárez Blanco, maestro de primera enseñanza superior.»

Está impreso en Santiago, en 1923, por José M. Paredes.

Son doce páginas en octavo; también dialogado y sin ilustraciones. Buena impresión.

El ejemplar que vi está en el Instituto «Padre Sarmiento» de Estudios Gallegos, en Compostela.

Repite, casi, el contenido del del año tres (o seis). Ahora, por ejemplo, no llevan acento *a* (preposición), ni *e*, *o*, *u* (conjunciones); no están *pïe*, *pié*, *pié*. La distinción ésta persiste en la gramática académica de 1920 -la siguiente fue en 1924-, p. 516, tal como en 1900. En 1911 se suprimió la tilde de *a*, *e*, *o*, *u* en los casos dichos.

Léxico

De las palabras que reseño, la forma de estar escritas algunas pueden ser erratas que el maestro subsanaría en clase; la selección de todo el léxico que sigue está hecha desde los tres primeros títulos, los de 1903-1906.

Tengo presente el diccionario académico de 1899 (*décimotercia* edición); el siguiente data de 1914.

Las versiones oficiales, cuando las hay, están puestas en cursiva.

Aereostático - *aerostático*.

Abrahám

Adelia: país inhabitado descubierto en 1840 en el océano Antártico (tomada esta localización del Espasa).

«América rusa, c. Nueva Arcángel».

«Alto Perú ó Bolivia, c. Chuquisaca» es también uno de los estados de América.

Ansterdán

Bucharest

Balkanes (el Espasa también lo pone así).

batir (el agua potable... debe... «estar bien batida»): *Arrojar ó echar desde lo alto alguna cosa*. «Batir el agua por la ventana.»

dollar - *dólar*

exparcír - *esparcír*

España: «...no tardando en llegar á España, antes Spania, que significaba escondida.»

exágono o *hexágono*

eptágono o *heptágono*

exófago - *esófago*

externón - *esternón*

fê - *fe*

fenicios: «...introdujeron el uso de la lectura y escritura.»

Haya, El

harmonía (sic) o *armonía*

imantar o *imantar*

mútuo - *mutuo*

moderna (edad): «...y Moderna, hasta nuestros días.» *Edad moderna: tiempo posterior á la edad media*. La Academia no registra «edad contemporánea».

nustilíneo (?)

novecientos - *novecientos*

occidental - *occidental*

oblícuo - *oblicuo*

pátria - *patria*

pesantez o *gravedad*

pentágrama - *pentagrama*

pié - *pie*

schelin - *chelín*

sabeísmo (sic) - *sabeísmo*, falsa religión de los sabeos, que daban culto á los astros, principalmente al Sol y á la Luna. *Sabeo*: natural de Sabá (en la Arabia antigua).

Servia - *servio*, natural de Servia.

sinó - *sino*

sí, señor - *sí, señor*

Vulgaria - *búlgaro*, natural de Bulgaria.

Bibliografía:

Cotarelo Mori, Emilio, *Discurso acerca de las obras publicadas por la Real Academia Española* (...). Madrid, 1928.

Núñez Lendoiro, Xosé Raimundo, *O mestre do mestre: don Ezequiel Suárez Blanco. Contribución á biografía do Cronista Vales Villamarín*. Betanzos, Festas 1985.

V

NA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE BETANZOS

a)

Confeso:

Que viñen aquí como quen vai ver se por casualidade, na que se desconfía, haberá algo do que un anda a buscar. Porque, ¿que pode ter a Biblioteca Municipal dun concello pequeno, en poboación e en extensión, como o de Betanzos? Pois, había, hai, claro que hai. Como para facer boca, polo menos, e perdóeseme esta expresión ao falar de libros.

Sáibase que eses opúsculos, folletos ou libros -para o caso tanto dá- de Álvarez Jiménez, Emilio; de Díaz Palafox, Federico, e máis de Suárez Blanco, Ezequiel -deste último agás o que está en Santiago-, están -¡vaites, vaites...!- están aquí, en Betanzos, na devandita Biblioteca.

Quen di estes tomiños di dicionarios, enciclopedias, gramáticas, etc., anterros, froito de legados, doacións, achádegos. Achádegos, si: quen lle di a vostede que nun contedor, unha boa mañá, aparece un vello volume que ía para onde un pode supoñer por ser este, ao parecer, o lugar máis axeitado para o que xa non serve, polo visto, e que ademais ocupaba

un sitio na casa; ou ben que van tirar ese antigo edificio, onde din que hai unha boa, regular ou modesta biblioteca, ou no que está o arquivo dunha familia: «A ver, a ver...», pónense alerta o bibliotecario e os seus axudantes; ou ben suxírese a alguén que xa que lle sobran libros e que non sabe que facer con eles...

Sempre a recoller.

b)

Desde que nos trouxeron a democracia, tal e como a coñecemos, cada vez que queremos montar algo -unha festa, unha asociación, etc.- o primeiriño que facemos e irmos ao concello a pedir unha subvención ou un local. Quen di pedir pode poñer esixir. En calquera caso, dáse unha merma da iniciativa privada.

O lector e máis eu imos pedir tamén; non para nós os dous só.

Betanzos soa polos conceptos que sabemos. Que soe por un máis: a calidade dos seus fondos na Biblioteca, Arquivo e Museo municipais.

Que se veña á vetusta Brigantium, polo tanto e ademais, ver ese Museo; consultar as existencias, interesantes existencias, desa Biblioteca e dese Arquivo, tamén.

Xa choveu máis dun trebón -*Anuario* 1984, p. 81-82- desde que escribín que Betanzos, como cabeza que é da bisbarra das Mariñas dos Condes -as Mariñas betanceiras teñen apelido, ¿eh?-, sexa a súa Biblioteca o depósito de todo o que publicaron os nativos e veciños que foron e son desta zona. Hoxe digo que, isto, polo de pronto. Daquela a Biblioteca -sen Arquivo nin Museo adxuntos, como hoxe- non tiña o local que ten na actualidade: hoxe temos espazo dabondo para albergar en condicións non só iso senón moito máis para satisfacer e estimular a vida intelectual dos bisbarreiros.

O lector e máis eu pedimos ao Concello que non perda as mañas en potenciar esas tres dependencias.

E despois desta chamada á porta municipal, vexamos que pode facer esa esmorecida iniciativa privada.

A ver, ¿por que non constituír unha Asociación, ou como queira que se poida chamar, de Amigos da Biblioteca? Se nos xuntamos cen, é un dicir, e ao fin do ano aportamos unhas pesetas ou uns euros, poderíanse comprar libros, ou un mazo de documentos, ou unha peza para o Museo.

Para a atención, por certo, do que hai e do que poida haber neses tres apartados, faise curto que haxa só un funcionario, a persoa que ocupa a praza de arquiveiro-bibliotecario. O lector e máis eu pensamos que debe ter dous ou tres adxuntos, tamén por oposición. Porque non é o mesmo traballar, ou entregarse a un traballo, sabendo que este vai acabar a prazo fixo que ter a praza en propiedade.

c)

Confeso:

Que despois de ver do que ten de fondo antigo, servidor saíu satisfeito e obrigado a falar ben da Biblioteca Municipal de Betanzos.

E engade: deses autores -Emilio Álvarez Jiménez, Federico Díaz Palafox e máis Ezequiel Suárez Blanco-, só o mestre en Betanzos lle era coñecido de nome.



É satisfactorio que a xente nova frecuente a nosa Biblioteca.

